

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

Orde do 11 de abril de 2006 de subvencións para empresas privadas que realicen actividades de conservación, protección e promoción dos camiños de Santiago no ano 2006.

O relevante papel que o Camiño de Santiago veu desenvolvendo desde a súa orixe ata os nosos días como elemento de integración de pobos, ideas e culturas, acentuado aínda máis se cabe no novo espazo común europeo, foi obxecto do unánime recoñemento do Consello de Europa, a Unión Europea e a UNESCO, sendo ademais designado como grande Itinerario Cultural Europeo.

Na Comunidade Autónoma de Galicia levouse a cabo nos últimos anos un intenso labor para conservar, promocionar e difundir ese importante legado cultural, para o que cómpre continuar prestando apoio ás diversas iniciativas privadas xurdidas con idéntica finalidade e que se orientan cara a unha maior proxección dos valores históricos, culturais e de integración do Camiño de Santiago.

Con esta declarada finalidade, a Xunta de Galicia, a través das competencias atribuídas á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural polo Decreto 36/2006, do 23 de febreiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Deporte, considera de interese a concesión de axudas aos empresarios que realicen actividades de difusión e promoción dos diversos Camiños de Santiago.

Para tal fin,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto e contía máxima.

Esta disposición ten por obxecto promocionar e incentivar, mediante a concesión de subvencións a fondo perdido, as empresas privadas que leven a cabo actividades de promoción e difusión dos camiños de Santiago oficialmente recoñecidos polas comunidades autónomas afectadas.

As actuacións das empresas privadas poderán ser subvencionadas coa cantidade máxima de vinte mil euros (20.000 €) por beneficiario, e referiranse á realización de accións de conservación, protección, promoción, investigación, e recuperación dos camiños de Santiago. Non se subvencionarán gastos derivados do mantemento, funcionamento ou loxística da empresa peticionaria. Tampouco se subvencionarán viaxes de peregrinación, romarías, etc.

Artigo 2º.-Importe orzado.

O importe total do crédito destinado para esta convocatoria é cento vinte mil euros (120.000 €), e farase con cargo á aplicación orzamentaria 12.03.353-D.470.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006. En todo caso, o gasto proxectado, que é compatible con outras posibles axudas, subvencións, ingresos ou recursos, suxeitarase á existencia de crédito ade-

cuado e suficiente para tal fin nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Os remanentes do orzamento que resultasen de non realizar a totalidade das actividades subvencionadas destinaranse a outras actividades que a conselleira de Cultura e Deporte considere axeitadas para a promoción dos distintos camiños.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

Poderán solicitar as subvencións todas as empresas privadas con forma xurídica societaria conforme o disposto na lexislación mercantil que leven a cabo actividades que contribúan á promoción e difusión dos distintos camiños de Santiago.

Así mesmo, poderán solicitálas os industriais, profesionais e artistas que estean dados de de alta no imposto de actividades económicas, nas respectivas epígrafes, e que realicen as anteditas actividades.

Quedan expresamente excluídas as asociacións, fundacións, comunidades de bens, sociedades civís e calquera outras institucións que non se encontren nos supostos previstos nos puntos anteriores.

Artigo 4º.-Solicitudes.

Os interesados enviarán as súas solicitudes, no modelo oficial que figura ao final desta orde, á Consellería de Cultura e Deporte, Subdirección Xeral de Protección da Cidade e Camiños de Santiago; edificio administrativo San Caetano, bloque 3, 15704 Santiago de Compostela. Tamén as poderán presentar nas dependencias das delegacións provinciais da Consellería de Cultura e Deporte. Todo iso de acordo co disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. En consecuencia, non serán admitidas solicitudes enviadas a través de fax, teléfono ou calquera dos medios que non figuren no artigo citado.

A instancia deberá ir acompañada da seguinte documentación:

a) Proposta das actividades que solicitan ser subvencionadas e polas que poidan presentar factura en 30 de outubro de 2006, orzamento detallado das citadas actividades, así como unha breve memoria delas.

b) Breve descrición, se é o caso, das actividades realizadas os anos anteriores en relación co Camiño de Santiago.

c) Declaración xurada de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

d) Declaración xurada de non ter débedas coa Xunta de Galicia.

e) Se é o caso, autorización para obter a información tributaria nos termos que se establecen no artigo 14 e) desta orde (anexo II).

f) Declaración xurada de ter ou non solicitadas axudas para a mesa finalidade de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional e, se é o caso, contías solicitadas.

g) Fotocopia da tarxeta do CIF ou, de ser o caso, do NIF ou documento equivalente no caso de solicitantes estranxeiros.

h) Fotocopia de alta no IAE e do último recibo que acredita estar ao día do pagamento, ou, se é o caso, a documentación acreditativa de exención do imposto; no caso de solicitantes estranxeiros, documento equivalente.

No suposto de que, en calquera momento posterior á presentación da instancia, os interesados soliciten as axudas ás que se refire a letra f) deste artigo, será obrigatorio poñelo en coñecemento dos servizos técnicos da Subdirección Xeral de Protección da Cidade e Camiños de Santiago, dando conta da axuda solicitada, contía e administración ou ente público ou privado ao que se dirixe.

Artigo 5º.-Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes rematará o 30 de maio de 2006.

Artigo 6º.-Tramitación.

As solicitudes serán tramitadas polos servizos técnicos da Subdirección Xeral de Protección da Cidade e Camiños de Santiago, con suxeición ao disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 7º.-Comisión de valoración.

As solicitudes presentadas serán examinadas e cualificadas por unha comisión de valoración creada para o efecto tendo en conta os seguintes criterios por orde decrecente:

1º) A repercusión cultural e social a calquera nivel do proxecto presentado.

2º) A contía total de achegas económicas ao proxecto, tanto as obxecto de subvención como as achegas individuais dos solicitantes.

3º) O carácter continuado e non ocasional do proxecto.

4º) Importancia e interese patrimonial e cultural das actividades propostas no proxecto presentado, con valoración especial daqueles que contribúan á conservación e difusión do patrimonio cultural galego vinculado aos camiños de Santiago.

A comisión estará integrada por un presidente, tres vogais e un secretario.

-O presidente será o secretario xeral da Consellería de Cultura e Deporte.

-Serán vogais o director xeral de Patrimonio Cultural, o subdirector xeral de Protección da Cidade e Camiños de Santiago e o director-xerente da Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo.

-Actuará como secretario o/a xefe/a do Servizo de Conservación e Protección Xacobeas.

Artigo 8º.-Resolución.

O prazo máximo de resolución previsto neste procedemento será de seis meses contados desde o día seguinte ao derradeiro día para a presentación de solicitudes.

A comisión elevará a súa proposta motivada á conselleira, que resolverá a convocatoria. A resolución notificaráselles aos interesados segundo o establecido no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Artigo 9º.-Prazo de aceptación.

Os beneficiarios deberán confirmar a súa aceptación da subvención no prazo de cinco (5) días desde a recepción da notificación da concesión da subvención, mediante escrito dirixido á Subdirección Xeral de Protección da Cidade e Camiños de Santiago, ou por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, comprometéndose a executar o proxecto ou actividade subvencionada no prazo establecido e nas condicións fixadas na resolución.

Se, transcorrido o anterior prazo, non se confirmase a aceptación, entenderase que se renuncia á subvención e procederase, sen máis trámite, ao arquivo do expediente.

Artigo 10º.-Denegación da subvención.

O incumprimento dos requisitos exixidos pola orde de convocatoria será causa de denegación da subvención.

En calquera caso, a denegación da subvención será expresa e motivada e os interesados poderán interpoñer contra a dita resolución denegatoria recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou ben presentar directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses desde a mesma data, ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Artigo 11º.-Realización das actividades.

As actividades subvencionadas executaranse en estrita conformidade coa proposta recollida no artigo 4º desta orde, e na súa realización deberase deixar constancia de que se trata de actividades subvencionadas pola Consellería de Cultura e Deporte, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, e, no caso de actividade que comporte difusión escrita, deberá ir en lugar e tamaño destacado o logotipo da Xunta de Galicia, Consellería de Cultura e Deporte, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Artigo 12º.-Obrigas dos beneficiarios.

Os beneficiarios das subvencións están sometidos ás obrigas sinaladas nos artigos 14 e 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, sen prexuízo do cal, unha vez obtidas estas, quedarán suxeitos ás seguintes:

1. No caso de que a subvención fose concedida para a realización de calquera obra nova, relativa á propiedade intelectual e susceptible de ser reproducida, como publicacións, vídeos, películas, reportaxes fotográficas, CD, debuxos, gravados, etc., os beneficiarios reservarán unha porcentaxe da obra para a Consellería de Cultura e Deporte - Subdirección Xeral de Protección da Cidade e Camiños de Santiago - con fins de promoción e divulgación. A mencionada porcentaxe, que non superará o 20% do total, será determinada pola Comisión de Valoración a que se refire o artigo 7º desta orde, con base na importancia da subvención concedida en relación á totalidade das subvencións achegadas ao proxecto e á achega do beneficiario a este.

2. Cando a subvención se solicita para a realización de actividades que afecten a propiedade intelectual como publicacións, vídeos, películas, reportaxes fotográficas, CD, debuxos, gravados, etc., os beneficiarios comprométese a autorizar a súa utilización gratuíta con destino a actividades promocionais e divulgativas da Consellería de Cultura e Deporte -Subdirección Xeral de Protección da Cidade e Camiños de Santiago.

3. A facer constar en cada proxecto subvencionado, na primeira e sucesivas edicións, que esta recibiu unha subvención da Consellería de Cultura e Deporte -Subdirección Xeral de Protección da Cidade e Camiños de Santiago-, utilizando a normativa de imaxe corporativa da Xunta de Galicia.

4. A facilitar a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Artigo 13º.-Seguimento.

A conselleira de Cultura e Deporte velará para que as actividades subvencionadas se realicen de conformidade co disposto no artigo anterior, podendo tomar as medidas que considere oportunas ao respecto.

Artigo 14º.-Documentación xustificativa do pagamento.

A subvención farase efectiva sempre que, en 30 de outubro do ano 2006, se tivese rematada a actividade especificada na solicitude a que se refire o artigo 4º e se tivese entregada completa a documentación que a continuación se relaciona:

a) Informe acreditativo de terse completado o obxecto da subvención, xunto con fotografías, notas de prensa e demais material que dea testemuño suficiente do seu cumprimento.

b) Facturas orixinais ou, se é o caso, fotocopias compulsadas dos gastos realizados para o seu cumprimento.

c) Certificación bancaria actualizada orixinal e acreditativa de que a conta sinalada para o pagamento está a nome do beneficiario.

d) Certificación actualizada do cumprimento das obrigas fronte á Seguridade Social.

e) Certificación actualizada de estar ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas, e de que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma, agás que o beneficiario achegase coa solicitude a debida autorización para que a devandita información sexa solicitada polo órgano xestor (anexo II).

f) Certificación actualizada da empresa de ter ou non recibido axudas para a mesma finalidade de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional e, de ser o caso, contías recibidas.

Así mesmo, e sen prexuízo do anterior, no momento da xustificación da execución do proxecto e, en calquera caso, antes do último pagamento, o beneficiario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto subvencionado, das distintas administracións públicas ou calquera dos organismos, entes ou sociedades.

Artigo 15º.-Perda da subvención.

Procederase ao reintegro total ou parcial e á exixencia dos xuros de demora, de conformidade co Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aprobou o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, nos seguintes casos:

a) Incumprimento da obriga de xustificación.

b) Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos nas bases reguladoras para a súa concesión.

c) Incumprimento da finalidade para a que a subvención foi concedida.

d) Obtención de subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, de modo tal que exceda o custo da actividade desenvolvida.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2006.

Ánxela Bugallo Rodríguez
Conselleira de Cultura e Deporte

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS A EMPRESAS PRIVADAS QUE REALICEN ACTIVIDADES DE CONSERVACIÓN, PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO CD228B	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

NOME OU RAZÓN SOCIAL		DNI / CIF	
ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

<input type="checkbox"/>	A) PROPOSTA EXPLÍCITA E DETALLADA DA ACTIVIDADE QUE SE VAI REALIZAR.
<input type="checkbox"/>	B) BREVE DESCRICIÓN, SE É O CASO, DAS ACTIVIDADES REALIZADAS OS ANOS ANTERIORES EN RELACIÓN COS CAMIÑOS DE SANTIAGO.
<input type="checkbox"/>	C) DECLARACIÓN XURADA DE ESTAR AO DÍA NO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E FRONTE Á SEGURIDADE SOCIAL.
<input type="checkbox"/>	D) DECLARACIÓN XURADA DE NON TER DÉBEDAS COA XUNTA DE GALICIA.
<input type="checkbox"/>	E) DECLARACIÓN XURADA DE TER OU NON SOLICITADO AXUDAS PARA A MESMA FINALIDADE DE CALQUERA OUTRA ADMINISTRACIÓN OU ENTE PÚBLICO OU PRIVADO, NACIONAL OU INTERNACIONAL E, SE É O CASO, CONTÍAS RECIBIDAS.
<input type="checkbox"/>	F) FOTOCOPIA DA TARXETA DO CIF OU, SE É O CASO, DO NIF.
<input type="checkbox"/>	G) FOTOCOPIA DA ALTA NO IAE E DO ÚLTIMO RECIBO QUE ACREDITE ESTAR AO DÍA DO PAGAMENTO.

DATOS DA SUBVENCIÓN SOLICITADA

PROXECTOS QUE SE VAN REALIZAR
CANTIDADE/S SOLICITADA/S
CONTÍAS DO PROXECTO
DATAS DE REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE

LEXISLACIÓN APLICABLE

-Orde do 11 de abril de 2006 de subvencións para empresas privadas que realicen actividades de conservación, protección e promoción dos camiños de Santiago no ano 2006.

-Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

-Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

-Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

-Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

SINATURA DO SOLICITANTE

, de de

Conseleira de Cultura e Deporte

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA / /
	DATA DE EFECTOS / /
	DATA DE SAÍDA / /

ANEXO II



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA
 E DEPORTE

PROCEDEMENTO SUBVENCIONS A EMPRESAS PRIVADAS QUE REALICEN ACTIVIDADES DE CONSERVACIÓN, PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO CD228B	DOCUMENTO AUTORIZACIÓN
---	---	----------------------------------

AUTORIZO:

A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para que, conforme o disposto no artigo 2.4º da orde do Ministerio de Economía e Facenda do 18 de novembro de 1999, solicite da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Consellería de Economía e Facenda a información a que se refire o artigo 78.4ºc) da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, en relación co cumprimento das miñas obrigas tributarias estatais e coa Comunidade Autónoma de Galicia.

_____, ____ de _____ de 200 ____

(Sinatura do/a solicitante ou representante)

Asdo.: _____

Conselleira de Cultura e Deporte